

## A CIG suspende a folga xeral

### Após a suspensión da folga xeral a CIG-Ensino emprou o novo goberno estatal a responder ás demandas do profesorado galego

A CIG acordou onte suspender a Folga Xeral pero manterase alerta e retomará a convocatoria "se o novo goberno do PSOE -e a correlación de forzas que o fixo posíbel- non derroga e anula as reformas laborais e das pensións, a LOMCE e a Lei mordaza que, entre outras medidas, motivaran a convocatoria prevista para o 19 de xuño"

Os órganos de dirección do sindicato acordaron onte suspender a Folga Xeral que se presentara no seu día "como a moción de censura -que outros non facían- da clase traballadora galega fronte á situación de emerxencia nacional, social, política e institucional na que nos atopamos". Unha mobilización coa que se pretendía conseguir a recuperación dos dereitos laborais e sociais roubados co pretexto da crise e demandar a fin dun goberno do PP que, en minoría parlamentaria e cheo de corrupción, actuaba con total impunidad.

Unha vez desaloxado o PP do poder, o resto de reivindicacións seguen plenamente viventes polo que os responsábeis da central instan o novo goberno do PSOE a derrogar de forma inmediata aquelas leis máis lesivas para a clase traballadora, como a reforma laboral, que entre outras medidas

nos penaliza por enfermar; a reforma das pensións, co incremento na idade de xubilación e dos anos de cotización para o cómputo da contía no caso do réxime xeral da Seguridade Social, ou a chamada Lei mordaza, que recorta

dereitos e liberdades civís, retrotraéndonos a tempos propios do franquismo.

No ámbito do ensino, agardamos que o novo executivo liquide canto antes a LOMCE polo seu carácter privatizador, elitista, segregador e centralista.

Porén, e dado que o propio partido socialista foi cómplice dalgunha destas medidas, a CIG manterase vixiante ante o cumprimento destas

A central mantén a convocatoria de mobilizacións en todas as comarcas para o 19 de xuño ás 20 horas baixo o lema "Pola recuperación de dereitos XA"



## XORNADA NACIONAL DE MOBILIZACIÓNS - 19 DE XUÑO

**A Coruña:** Praza de Vigo, 20h

**Cee:** Praza 8 de marzo 20h

**Ferrol:** Praza de España, 20h

**Santiago:** Praza Roxa, 20h

**Pontevedra:** Praza da Ferreiría 20h

**Vilagarcía:** Casa do Mar, 20h

**A Estrada:** Praza do Mercado, 20h

**Vigo:** A Doblada, 20h

**Ourense:** Edificio Sindical (Parque de San Lázaro), 20h

**Lugo:** Edificio Sindical (Ronda da Muralla), 20h

**Burela:** Local CIG (Avda. Arcadio Pardiñas), 20h

**Monforte:** Praza de España, 20h

**As Pontes:** Praza do Hospital, 19:30h

**A Pobra do Caramiñal:** Cantón da Leña, 20h

as consecuencias máis virulentas da crise a participar nas manifestacións que está previsto que teñan lugar en todas as vilas e comarcas galegas.

Neste sentido, os seus responsábeis lembran que se deu un paso á fronte con valentía cando se convocou unha folga totalmente necesaria, sen que ningunha outra central sindical decidira secundala, e que nestes intres se opta por dar unha marxe de tempo para ver se se producen cambios por parte do goberno e do arco parlamentario que propiciou o desaloxo do partido corrupto do poder. Con todo, a CIG lanza o aviso de que se os cambios só se van apreciar nos cargos

políticos e non nas políticas

premisas e mantén o carácter reivindicativo do día 19 de xuño. Por iso fai un chamamento aos traballadores e traballadoras, o colectivo de pensionistas, de desempregados, de estudantes... a todas aquelas persoas que sufriron os recortes e

que se van executar nos próximos meses reactivarán a convocatoria de folga xeral no noso país.

### OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal